



CONCELLO DE VIGO
CONTRATACIÓN

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 16 DE NOVEMBRO DE 2016

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 09:15 horas do día 16 de novembro de 2016, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 14 de novembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidentes: D. Santos Héctor Rodríguez

Vocais: D^a. Susana García Álvarez
D^a. Catalina Alfayate Rodríguez
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela
D. José Ángel Otero Lamas (asiste aos puntos 2c, 5b, 7a, 7b, 8a, 8b, 9a e 9b)
D. Álvaro Crespo Casal (asiste ao punto 1a)
D^a. Luz María González Domínguez (asiste ao punto 6a)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo presidente, procédese a tratar os puntos incluídos na **orde do día**:

1.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de decoración luminosa do Nadal 2016-2017 (3971-106)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de decoración luminosa do Nadal 2016-2017 (3971-106)

ANTECEDENTES



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 04:10	Páxina 1 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AH41-C44453-8E2CD9-7AMPH5-7JJJ45-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 14 de novembro de 2016, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a única proposición presentada e admitida neste procedemento na seguinte orde descendente:

Empresas	Puntuación
CREACIONES LUMINOSAS, SL	100 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CREACIONES LUMINOSAS, SL, para que presente, no prazo de cinco días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
3. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (lémbrese que a acreditación da solvencia técnica deberá axustarse ao indicado na declaración responsable incluída no sobre A)*
4. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 983,58 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, CREACIONES LUMINOSAS, SL, o día 15 de novembro de 2016, que presenta a documentación requirida o mesmo día.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 16 de novembro de 2016 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que se acorda, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 04:10	Páxina 2 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AH41-C44453-8E2CD9-7AMPH5-7JJJ45-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

lugar como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que conteña a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CREACIONES LUMINOSAS, SL, de acordo co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor do 10 de novembro de 2016 e o acordo da Mesa de Contratación do 14 de novembro polo que, ao abeiro do disposto na cláusula 15.3 do prego de cláusulas administrativas particulares, lle outorgou a máxima puntuación á proposición avaliable mediante fórmula.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a CREACIONES LUMINOSAS, SL, o procedemento aberto para a contratación dos servizos de decoración luminosa do Nadal 2016-2017 (3971-106) coas seguintes condicións:

- 1. O prezo total do contrato é de 252.648,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 43.848,00 euros.*
- 2. Comprométese a aportar as seguintes melloras:*
 - Incremento da altura da árbore a instalar na Porta do Sol en 7m.*
 - A mellora proposta artística-luminotécnica para o conxunto dos elementos lumínicos a instalar na Porta do Sol, Praza da Princesa e Praza da Constitución nos termos previstos no apartado 8.B.1.b) do Anexo I - FEC- do PCAP.*
 - A mellora da proposta artística-luminotécnica para o conxunto dos elementos lumínicos a instalar no Museo de Arte Contemporáneo e a “Farola de Úrzaiz” nos termos previstos no apartado 8.B.1c).do Anexo I - FEC- do PCAP.*
 - Instalación de elementos complementarios para o acto do acendido do alumeado do Nadal a realizar na Porta do Sol nos termos previstos no apartado 8.B.1.d) do Anexo I - FEC- do PCAP.*
- 3. Incrementa o stock de seguridade esixida no prego (10%) nun 5%.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 04:10	Páxina 3 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AH41-C44453-8E2CD9-7AMPH5-7JJJ45-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

2.- Aprobación de actas

a) Acta da sesión do 9 de novembro de 2016

Apróbase a acta da sesión do 9 de novembro de 2016 cos votos de D^a. Susana García Álvarez, D^a. Catalina Alfayate Rodríguez y D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

b) Acta da sesión do 11 de novembro de 2016 (1^a sesión)

Apróbase a acta da sesión do 11 de novembro de 2016 cos votos de D^a. Susana García Álvarez, D^a. Catalina Alfayate Rodríguez y D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

c) Acta da sesión do 11 de novembro de 2016 (2^a sesión)

Apróbase a acta da sesión do 11 de novembro de 2016 cos votos de D^a. Susana García Álvarez, D^a. Catalina Alfayate Rodríguez y D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

3.- Apertura administrativa

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de reforma da Grada de Río (4051-440)

Non se trata este asunto porque o Rexistro Xeral non puido emitir o certificado das proposicións presentadas nesta licitación ao non dispor de todas elas.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia da saúde (27683-220)

Abriuse o sobre A “Documentación persoal” dos licitadores presentados.

Á vista do anterior e tras a cualificación da documentación persoal dos licitadores presentados nesta licitación, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes nesta sesión acorda:

a) Admitir inicialmente neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:

- MUGATRA SERVICIO DE PREVENCION, SLU
- PREMAP SEGURIDAD Y SALUD, SLU
- NORPREVENCIÓN, SL
- PREVISOR, SL

c) Procedemento aberto para a contratación do subministro de equipos para renovación das instalación de produción de AQS no pavillón do Carmen e no complexo deportivo de Balaídos (521-611)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 04:10	Páxina 4 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AH41-C44453-8E2CD9-7AMPH5-7JJJ45-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

A secretaria pon en coñecemento dos membros da Mesa o certificado expedido polo Rexistro Xeral o 14 de novembro de 2016 onde se fai constar que durante o prazo concedido para a presentación de proposicións, que rematou o 11 de novembro, non se presentou ningunha. Indica así mesmo *“no correo do día 16 de novembro recibíuse un sobre cunha proposta da empresa ACENDE ENERXIA, sen que conste comunicación previa por fax, e tamén co selo de entrega en correos o día 15-11-16”*.

Á vista do anterior, a Mesa, por unanimidade, acorda:

1. Non admitir neste procedemento aberto para a contratación do subministro de equipos para renovación das instalación de produción de AQS no pavillón do Carmen e no complexo deportivo de Balaídos (521-611) á empresa ACENDE ENERXÍA por ter presentado a súa proposición fóra do prazo concedido (que remataba o 11 de novembro de 2016, como así consta anunciado no perfil do contratante).
2. Propoñer á Xunta de Goberno local que declare deserto o procedemento aberto para a contratación do subministro de equipos para renovación das instalación de produción de AQS no pavillón do Carmen e no complexo deportivo de Balaídos (521-611) por non terse presentado ningunha proposición dentro do prazo concedido.

4.- Apertura técnica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de reforma da Grada de Río (4051-440)

Non se trata este asunto porque non se tratou o punto 3a.

5.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia da saúde (27683-220)

En acto público abriuse o Sobre C *“proposición avaliable mediante fórmula”* das ofertas presentadas e admitidas co seguinte resultado:

	MUGATRA SERVICIO DE PREVENCIÓN, SLU	PREMAP SEGURIDAD Y SALUD, SLU	NORPREVENCIÓN, SL*	PREVISOR, SL
Prezo	753.600,00 €	736.156,00 €	767.700,00 €	714.000,00 €
12 cursos presenciais de formación en primeiros auxilios por ano de contrato, iniciais e de reciclaxe	SI	SI	SI	SI



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 04:10	Páxina 5 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AH41-C44453-8E2CD9-7AMPH5-7JJJ45-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Unha campaña por cada ano de contrato informativa e de sensibilización de promoción da saúde	SI	SI	SI	SI
3 cursos presenciais por ano de contrato de formación “Escola de costas”	SI	SI	SI	SI
4 cursos presenciais por ano de contrato de formación en “Xestión de equipos de traballo” para mandos intermedios	SI	SI	SI	SI
3 cursos presenciais por ano de contrato sobre “Acosos psicolóxico no traballo”	SI	SI	SI	SI
5 cursos presenciais por ano de contrato de formación en “Apoio psicolóxico en situacións de emerxencia” dirixido ao persoal de Servizos de Emerxencias (Policía Local, Extinción de Incendios e Protección Civil)	SI	SI	SI	SI
4 cursos presenciais por ano de contrato de xestión e control do estrés	SI	SI	SI	SI
4 cursos presenciais por ano de contrato de intelixencia emocional no traballo e xestión positiva de conflitos	SI	SI	SI	SI
2 cursos presenciais por ano de contrato de “Atención ao cidadán”	SI	SI	SI	SI

* A proposición de NORPREVENCIÓN, SL indica textualmente en relación ao prezo do contrato:

“2. Propón como prezo do contrato SETECENTOS SESENTA E SETE MIL SETECENTOS EUROS (767.700,00 €)”

A continuación inclúe un cadro co orzamento detallado no que aparece o importe de 767.770,00€.

Ao prevalecer a letra sobre o número enténdese que o prezo ofertado é de 767.700,00 euros.

As catro empresas achegan o orzamento detallado esixido no apartado 7B das FEC do PCAP.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 04:10	Páxina 6 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AH41-C44453-8E2CD9-7AMPH5-7JJJ45-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

Asisten á apertura D. José Luis Cruz Nieto, con DNI 36.043.352-Y, en representación de PREMAP y D. José Francisco Canosa Sanjurjo, con DNI 79.310.428-B, en representación de NORPREVENCIÓN, SL.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de equipos para renovación das instalación de produción de AQS no pavillón do Carmen e no complexo deportivo de Balaídos (521-611)

Non se trata este asunto porque a Mesa acordou, no punto 3C, propoñer á Xunta de Goberno local que declare deserto este procedemento.

6.- Apertura técnica e económica

a) Procedemento negociado con publicidade para a contratación dos servizos de deseño e produción de catro carrozas para Cabalgata de Reis 2017 (6632-335)

A secretaria lembra aos membros da Mesa, que por acordo do 11 de novembro de 2016 se iniciou a negociación coas dúas empresas presentadas e admitidas nesta licitación segundo o previsto na cláusula 13 do prego de cláusulas administrativas. Durante o prazo concedido para a reformulación das ofertas presentaron a documentación CA TOTALITY GROUP, SLU e BIGLAB, SL.

A continuación ábrese os sobres coas novas proposicións nas que, entre outros aspectos, se propoñen os seguintes prezos:

LICITADORES	PREZO
CA TOTALITY GROUP, SLU	50.215,00 €
BIGLAB, SL	50.820,00 €

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre as ofertas presentadas ao servizo xestor.

7.- Incidencias

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Estornino, entre Gregorio Espiño e Xílgaro (3968-440) (ofertas con valores anormais ou desproporcionados)

Entrégase o informe do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario do 14 de novembro de 2016, sobre as ofertas que conteñen baixas anormais ou desproporcionados. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP coas empresas que se relacionan a continuación por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, concedéndolles un prazo de tres días para



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 04:10	Páxina 7 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AH41-C44453-8E2CD9-7AMPH5-7JJJ45-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

xustificar as súas ofertas:

1. EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, SL
2. OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, SA
3. ORECO, SA
4. CONSTRUCCIONES RAMIREZ, SL
5. UTE EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, SA - ALVAC
6. ELSAMEX, SA
7. HORDESCON, SL
8. PROYECON GALICIA, SA
9. CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, SA

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Rosalía de Castro, entre Canceleiro e Serafín Avendaño (4015-440)

Entrégase o informe do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario do 14 de novembro de 2016, sobre as ofertas que conteñen baixas anormais ou desproporcionadas.

A Mesa acepta o informe coa supresión das páxinas 4 a 7 do anexo ao informe.

Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP coas empresas que se relacionan a continuación por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, concedéndolles un prazo de tres días para xustificar as súas ofertas:

1. EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES PEREZ, SL
2. UTE NEXIA INFRAESTRUCTURAS, SLU E CONSTRUCCIONES RAMIREZ, SLU
3. ORECO, SA
4. COPCISA, SA
5. CONSTRUCCIONES VALE, SL
6. CONSTRUCTORA SAN JOSE, SA
7. MISTURAS, SA
8. EXTRACO, SA
9. ESPINA Y DELFIN, SL

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da beirarrúa da avenida de Castelao, entre a rúa Redondela e a rúa Porriño (3956-440)

Entrégase o informe asinado o 14 de novembro de 2016 polo enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, o xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Municipal e a técnica media de Obras Públicas sobre valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*”.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de accesos e cubrición da piscina da Etea (15188-333)

Entrégase o informe asinado o 11 de novembro de 2016 polos arquitectos municipais



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 04:10	Páxina 8 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AH41-C44453-8E2CD9-7AMPH5-7JJJ45-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

sobre valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*”.

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da beirarrúa da avenida de Castelao, entre a rúa Redondela e a rúa Porriño (3956-440)

Acéptase o informe asinado o 14 de novembro de 2016 polo enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, o xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Municipal e a técnica media de Obras Públicas sobre valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*”.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de accesos e cubrición da piscina da Etea (15188-333)

Acéptase o informe asinado o 11 de novembro de 2016 polos arquitectos municipais sobre valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*”.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 10:30 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

AFL
Vigo, 16 de novembro de 2016
O presidente da Mesa de Contratación
Santos Héctor Rodríguez



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 04:10	Páxina 9 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AH41-C44453-8E2CD9-7AMPH5-7JJJ45-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		